

## FORMULARIO DE ALTA/ RENOVACIÓN DE INSCRIPCIÓN DE SOCIOS/AS Curso 2024-25

Nome e apelidos da nai/pai/ titor/a:	
DNI:	Teléfono(s):
Enderezo electrónico:	
DATOS DOS/AS ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS NO CENTRO	
Nome e apelidos:	Curso:
Nome a apelidos:	Curso:
Nome e apelidos:	Curso:

Desexo pertencer como socio/a á ANPA C.E.P. XOSÉ MARÍA BREA SEGADE durante o **curso 2024/25** e por tal motivo:

- Acepto os Estatutos da Asociación e autorizo á Xunta Directiva á recollida dos meus datos persoais e os dos/as menores aos que represento nos ficheiros da Asociación coa finalidade de desenvolver as súas funcións administrativas.\* [Ver "Tratamento de Datos de Carácter Persoal"]
- Efectúo o pagamento da cota anual correspondente de **20€ por unidade familiar** na conta do BANCO SANTANDER **ES14 0049 7759 6126 1001 8091**.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, a Xunta Directiva da ANPA, como responsable dos datos a tratar, solicita **consentimento para incluír o(s) número(s) de teléfono proporcionado(s) polo/a socio/a no grupo ANPA BREA SEGADE, a través da aplicación Whatsapp**, coa finalidade de enviar información e axilizar a comunicación entre ambas partes. Son destinatarios dos datos a ANPA e Whatsapp Ireland Ltd. (os usuarios da aplicación estarán suxeitos por defecto á [Política de privacidade de Whatsapp](#)). Os datos (nome e número de teléfono) conservaranse só mentres se manteña relación coa asociación. A base xurídica para o tratamento dos datos é o consentimento prestado ao asinar o presente documento, que poderá ser retirado en calquera momento sen que iso afecte ao lexítimo tratamento realizado ata a súa revogación.\* [Ver "Tratamento de Datos de Carácter Persoal"]

AUTORIZO

NON AUTORIZO

E para que así conste, asino o presente documento en Taragoña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

SINATURA (nai, pai ou titor/a legal):

### INFORMACIÓN IMPORTANTE:

- Para pertencer á ANPA como socio/a, é obrigatorio aceptar os seus Estatutos, autorizar o tratamento dos datos aportados no formulario e aboar a cota de socio na conta indicada, solicitando o correspondente xustificante de pagamento. A inclusión no grupo de Whatsapp é optativa.
- **Para poder tramitar a alta na Asociación, precisamos os dous documentos: formulario de alta/renovación debidamente cuberto e asinado + xustificante de pagamento onde figuren como concepto o nome e curso do/a(s) alumno/a(s) socio/a(s) da ANPA** (para facilitar a identificación dos recibos). Poderán achegarse por correo electrónico ao enderezo [anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal](mailto:anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal), ou ben depositalos na **caixa de correo da ANPA** situada na entrada do centro **ata o 6 de setembro (data límite de inscrición e de pagamento)**.

## \* TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais proporcionados polas familias socias recolleranse cun fin determinado, explícito e lícito e integraranse nos ficheiros dixitalizados e no libro de socios da ANPA C.E.P. Xosé María Brea Segade, como responsable do tratamento de datos, cos fins de realizar as tarefas propias de xestión da Asociación, axilizar a comunicación e remitir información a socios/as sobre actividades realizadas pola ANPA, así como xestionar os cobros e pagamentos que sexan necesarios.

A recollida de datos de carácter persoal realizarase única e exclusivamente a través dos formularios de inscrición na ANPA, en actividades extraescolares e no servizo de comedor, así como das autorizacións e declaracións de responsabilidade e dos correos electrónicos que os usuarios remitan á Asociación.

Os datos non se cederán a terceiros excepto por imperativo legal, conservaranse só mentres se mantéña a relación coa Asociación ou durante os anos necesarios para cumprir coas súas obrigas legais e empregaranse unicamente coa finalidade anteriormente descrita.

A base xurídica para o tratamento dos datos é o consentimento prestado ao asinar o presente documento, que será obrigatorio a fin de formar parte da asociación, e que poderá ser retirado en calquera momento sen que iso afecte ao lexítimo tratamento realizado ata a data de revogación do consentimento.

Os socios/as teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando estes non sexan necesarios, a opoñerse á súa cesión cando non sexa obrigatorio, a limitar o tratamento dos datos e a solicitar portabilidade dos mesmos dirixíndose ao enderezo electrónico [anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal](mailto:anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal) e indicando o motivo da consulta ou o dereito que se desexa exercer. Tamén se poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

## CONTACTO

Non dubides en **contactar connosco** para transmitirnos as túas ideas, preguntas, suxestións ou preocupacións, ben persoalmente, ou ben a través das seguintes canles:

- Correo electrónico: [anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal](mailto:anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal)
- Grupo de Whatsapp ANPA BREA SEGADÉ (con consentimento previo). **Horario de atención a familias: luns a venres, de 09:00 a 21:00h** (responderemos á maior brevidade posible tamén dentro deste horario).
- Deixando as túas peticións por escrito na caixa do correo da ANPA, situada á entrada do centro.

Podes atopar todos os **formularios e información** sobre a Asociación na **sección da ANPA da páxina web escolar** (<https://www.edu.xunta.gal/centros/cepbreasegade/>, baixo o epígrafe “Espazo das familias”), e outra información adicional no perfil de **Facebook** Anpa Brea Segade (<https://m.facebook.com/anpabreasegade>) e de **Instagram** ([@anpabreasegade](https://www.instagram.com/anpabreasegade)), que che recomendamos seguir.